

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A materia de Filosofía en 4º da ESO é unha optativa que pretende ser unha introdución ás diferentes cuestións e problemas filosóficos. Esta materia ten como obxectivo introducir ao alumnado nas cuestións filosóficas que formarán parte da materia de Filosofía de 1º de Bacharelato, xa obrigatoria, e comezar a proporcionar ferramentas para o traballo filosófico (comentarios de texto filosóficos, comprensión lectora, análise de textos, imaxes, fragmentos literarios ou fílmicos relacionados con problemas filosóficos...)

Esta materia pretende achegar ao alumnado ás diferentes cuestións filosóficas de xeito introdutorio, usando para iso unha metodoloxía de aprendizaxe significativa. O alumnado irá coñecendo as diferentes cuestións filosóficas, relacionándoas coas súas experiencias, intereses e coñecementos previos, para decatarse así de que a filosofía non é unha mera disciplina teórica, senón algo que pode ter conexión coas súas vidas.

Ademais de proporcionar ao alumnado ferramentas para o traballo filosófico, esta materia ten tamén como obxectivo desenvolver a capacidade crítica e a creatividade, abordando os temas en conexión con cuestións de actualidade relevantes para o alumnado. Tamén se pretende que o alumnado atope as conexións que existen entre a filosofía e os seus intereses persoais, puidendo desenvolver traballos de investigación con esta finalidade. Na materia tamén se fomentará a aprendizaxe autónoma, tanto de xeito individual como colaborativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O saber filosófico	Definición e caracterización de filosofía e explicacións de cuestións relacionadas co saber filosófico (épocas filosóficas, utilidade da filosofía, comparación con outras formas de saber	10	12	X		
2	O ser humano	Definición e caracterización do ser humano, facendo fincapé en que é unha definición complexa porque, ao sermos seres humanos, formamos parte dela. Exposición das diferentes visións do ser humano que se deron ao longo da historia da filosofía. Introducción da reflexión sobre o transhumanismo.	10	10	X		
3	A dimensión psicolóxica do ser humano	O problema da personalidade no ser humano: definición, correntes de pensamento e teorías da personalidade, problema mente corpo e reflexión sobre o problema da autoconciencia e a intelixencia artificial.	10	9	X	X	
4	O ser humano como ser social	O ser humano como animal social: a teoría da sociabilidade natural, as distintas dimensións sociais do ser humano.	10	10		X	
5	Ética e política	A racionalidade práctica no ser humano: teorías éticas, dilemas éticos, teorías sobre a organización política.	10	10		X	
6	O coñecemento humano	Definición e caracterización de coñecemento, teorías epistemolóxicas, e límites e métodos de coñecemento.	10	12		X	
7	Ciencia e verdade	Definición e caracterización de coñecemento científico, teorías sobre o saber científico, práctica científica (métodos, teorías, leis) e o problema da tecnociencia contemporánea. Reflexión sobre a complexidade do concepto de verdade, teorías da verdade.	10	9		X	X
8	A realidade	Introdución ao problema da realidade, teorías sobre a realidade, definición de ontoloxía.	10	12			X
9	As dimensións existenciais do ser humano: o sentido da existencia humana.	O ser humano entendido dende as súas dimensións existenciais: o problema do sentido, teorías sobre o sentido da existencia humana	10	11			X
10	Liberdade e creatividade	Liberdade e creatividade como dimensións existenciais do ser humano	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O saber filosófico	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Expresa de xeito oral / escrito o carácter radical da filosofía	TI	100
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Describe por escrito ou/e oralmente os rasgos distintivos da orixe da filosofía		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Articula un ensaio crítico empregando e comparando conceptos filosóficos		
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais		
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información no produto final presentado na aula		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofías. - O papel da muller na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	O ser humano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Articula un ensaio crítico empregando e analizando ao menos dúas das teorías da personalidade	TI	100
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Explicar de xeito oral / escrito os dilemas fundamentais da filosofía da mente		
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñecer os elementos e teorías da motivación humana		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Describir oral ou por escrito os factores determinantes da personalidade humana		
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas sobre o ser humano		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas individuais e en grupo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e por escrito ás súas aportacións.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas dun xeito repectuoso e argumentativo		
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Coñecer a teoría da sociabilidade natural e as causas da socialización humana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica.
- Natureza e cultura no ser humano.

UD	Título da UD	Duración
3	A dimensión psicolóxica do ser humano	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Articula un ensaio crítico empregando e analizando ao menos dúas das teorías da personalidade	PE	60
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñecer os elementos e teorías da motivación humana		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Describir oral ou por escrito os factores determinantes da personalidade humana		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas sobre o ser humano		
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Explicar de xeito oral / escrito os dilemas fundamentais da filosofía da mente	TI	40
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega nas tarefas individuais e en grupo		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e por escrito ás súas aportacións.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas dun xeito repectuoso e argumentativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
4	O ser humano como ser social	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Coñecer a definición de socialización e os elementos e a axentes que participan no proceso, e expresar ese coñecemento de forma escrita usando termos específicos da materia.	PE	40
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Coñecer as diferentes teorías sobre a orixe do estado e a formación social, e recoñecelas en textos filosóficos de diferentes autores		
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de 'cultura' e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Diferenciar os procesos de humanización e hominización, sendo quen de comprender a relación entre eles nomeando cambios biolóxicos que dan lugar a cambios culturais e viceversa	TI	60
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar ideas sobre o ser humano como ser social en textos filosóficos e literarios e outras fontes.		
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar actividades de investigación sobre a sociabilidade humana		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Debater sobre as teorías de orixe do estado e relacionar esta cuestión cos debates políticos contemporáneos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado.

Contidos

- Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
5	Ética e política	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de <i>¿cultura¿</i> e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Diferenciar os procesos de humanización e hominización, sendo quen de comprender a relación entre eles nomeando cambios biolóxicos que dan lugar a cambios culturais e viceversa	PE	55
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Coñecer a definición de socialización e os elementos e a axentes que participan no proceso, e expresar ese coñecemento de forma escrita usando termos específicos da materia.		
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Coñecer as diferentes teorías sobre a orixe do estado e a formación social, e recoñecelas en textos filosóficos de diferentes autores.		
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Identificar ideas sobre o ser humano como ser social en textos filosóficos e literarios e outras fontes.	TI	45
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar actividades de investigación sobre a sociabilidade humana		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Debater sobre as teorías de orixe do estado e relacionar esta cuestión cos debates políticos contemporáneos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
6	O coñecemento humano	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Explicar as teorías do coñecemento, así como os límites, validez e papel das facultades humanas neste proceso.	PE	40
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realizar análise e comentarios de textos filosóficos sobre cuestións relacionadas con coñecemento, ciencia e verdade		
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Coñecer a definición de racionalidade teórica e o papel que esta ten na realidade humana	TI	60
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Coñecer as teorías sobre a verdade e relacionalas con cuestións contemporáneas como a posverdade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar traballos e investigacións relacionadas con cuestións epistemolóxicas		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Debater sobre cuestións actuais relacionadas co coñecemento e a verdade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
7	Ciencia e verdade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Explicar as teorías do coñecemento, así como os límites, validez e papel das facultades humanas neste proceso.	PE	40
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realizar análise e comentarios de textos filosóficos sobre cuestións relacionadas con coñecemento, ciencia e verdade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Coñecer a definición de racionalidade teórica e o papel que esta ten na realidade humana	TI	60
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Coñecer as teorías sobre a verdade e relacionalas con cuestións contemporáneas como a posverdade.		
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar traballos e investigacións relacionadas con cuestións epistemolóxicas		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Debater sobre cuestións actuais relacionadas co coñecemento e a verdade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
8	A realidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Coñecer teorías sobre a realidade ao longo da historia da filosofía	PE	40
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Coñecer as principais teorías filosóficas sobre a existencia humana		
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Definir metafísica e comprender o seu obxectivo: preguntarse polo real.	TI	60
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Recoñecer ideas filosóficas sobre metafísica e sentido en textos filosóficos de diferentes autores, e ser quen de comentar eses textos.		
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar traballos e investigacións en relación con cuestións metafísicas		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Debater sobre as diferentes teorías do sentido da existencia humana, e relacionalas con cuestións actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoloxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana.

Contidos
- A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
9	As dimensións existenciais do ser humano: o sentido da existencia humana.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Coñecer teorías sobre a realidade ao longo da historia da filosofía	PE	40
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Coñecer as principais teorías filosóficas sobre a existencia humana		
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Definir metafísica e comprender o seu obxectivo: preguntarse polo real.	TI	60
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Recoñecer ideas filosóficas sobre metafísica e sentido en textos filosóficos de diferentes autores, e ser quen de comentar eses textos.		
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realizar traballos e investigacións en relación con cuestións metafísicas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Debater sobre as diferentes teorías do sentido da existencia humana, e relacionalas con cuestións actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoloxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
10	Liberdade e creatividade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Coñecer e explicar as diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade humana ao longo da historia da filosofía.	PE	45
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Coñecer e explicar a definición de estética e a relación desta cos conceptos de arte e beleza		
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Sinalar as ideas principais e comentar textos filosóficos que reflexionen sobre a creatividade humana e a súa relación coa liberdade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Definir conceptos filosóficos como liberdade, libre albedrío, vontade, responsabilidade e autonomía, en relación coa cuestión sobre a liberdade humana.	TI	55
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Comprender e explicar a relación entre liberdade e creatividade		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realización de traballos de investigación en relación aos conceptos de liberdade e creatividade.		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Poñer en práctica o aprendido sobre arte e creatividade creando unha obra artística de formato libre		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Debater sobre os conceptos de liberdade e beleza e as teorías arredor deses conceptos: é posible a liberdade humana? Pode haber acordo no que consideramos belo?		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade. - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade. - A arte e a procura da beleza. - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. - Técnicas e fases do proceso creativo. - Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Filosofía de 4º da ESO, como optativa, pretende ser unha materia na que predomine o carácter práctico e crítico. Pretende ser unha materia de carácter práctico xa que intenta proporcionar ao alumnado as ferramentas que precisará para o estudo da filosofía en cursos posteriores. Para iso, o alumnado realizará diferentes actividades prácticas en relación á comprensión e creación de textos filosóficos (comentarios de texto, actividades de comprensión lectora...). No caso desta materia, estes textos non será estritamente filosóficos, senón de distinto tipo (imaxes, obras pictóricas, fragmentos de películas e series, fragmentos literarios, de banda deseñada... que na medida do posible conecten cos gustos e interese do alumnado). Deste xeito, tratarase de que o alumnado practique ferramentas necesarias para o estudo posterior de filosofía, á vez que relaciona os contidos da materia cos seus intereses persoais. Isto tamén se fará a través do proxecto persoal, no que de xeito individual ou grupal, o alumnado escolle un tema para investigar e o relaciona con cuestións filosóficas.

Na materia tamén predomina o carácter crítico xa que se pretende que o alumnado traballe de xeito autónomo, tanto individual como grupal, na reflexión sobre os distintos problemas filosóficos que presenta a materia. A través de sesións de preconceitos e de debate, intentarase que o alumnado reflexione de xeito autónomo sobre as diferentes cuestións que se lle presente, e que argumente de forma lóxica por si mesmo. Tamén se pretende que volva sobre ideas xa establecidas para tratar de reflexionar sobre elas cunha nova mirada.

A metodoloxía da materia pretende ser significativa: tratarase de partir das ideas e coñecementos previos do alumnado sobre as diferentes cuestións. Dende aí, a materia engadirá novos contidos, para o que se combinará unha metodoloxía expositiva cunha práctica, sumando a iso a aprendizaxe por proxectos. Preténdese que nesta materia o alumnado adquira ferramentas e habilidades para unha aprendizaxe autónoma, para desenvolver tarefas de investigación filosófica, para o debate entre iguais, a expresión oral e escrita, a creatividade e o pensamento crítico. Tamén se pretende introducir ao alumnado en cuestións filosóficas e no vocabulario técnico que estará presente nas materias de filosofía que se cursarán no bacharelato, así como en técnicas de argumentación oral e escrita e de comentario de texto filosófico.

Distintos tipos de actividades:

- **Actividades introdutorias:** actividades que introduzan o contido e permitan poñelo en relación con outros coñecementos cos que o alumnado xa conta (sesións de preguntas curtas ao inicio dunha unidade didáctica, facer un resumo da clase anterior para introducir o contido dunha sesión, conexión dun tema cun suceso de actualidade...). Tamén se poden realizar actividades focais introdutorias, que sirven para poñer en contexto e focalizar a atención do alumnado, como ver un fragmento de película ou analizar un cadro ou unha canción relacionada co contido dunha clase.

- **Actividades de síntese:** teñen como finalidade resumir os contidos das unidades didácticas de xeito comprensivo. Poden ser dende a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, realización de test de autoavaliación, visionado de material audiovisual, ou realizar cuestionarios ou xogos co contido das unidades.

- **Actividades de desenvolvemento:** explicacións do contido de cada unidade, realización de comentarios de texto, lectura e análise de textos filosóficos, conexión do contido con temas de actualidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Libro de texto
Libros e materias de lectura
Ordenador, proxector, son e conexión internet
Aula virtual da materia.

Recursos:

- Libro: Filosofía (4 ESO, editorial Anaya)
- Apuntamentos e presentacións redactados pola docente dispoñibles a través da aula virtual.
- Fichas de exercicios.
- Material audiovisual: fragmentos de películas e series.
- Videos das canles: Adictos a la filosofía, La travesía, Lluna Pineda, Unboxing Philosophy , School of Life (contido de filosofía de 2º de bacharelato) e Philosophy Tube, Contrapoints, Wisecrack (en inglés), Marte 19, La fonda filosófica (filosofía e a súa relación con diversos temas: cultura, videoxogos, literatura, feminismo, consumo...).
- Fragmentos de obras literarias.
- Outros recursos web: webdianoia, lourdescardenal, la lechuza de minerva, boulesis, cibernous e filopolis.

As clases desenvolveranse en aulas equipadas con ordenador con conexión a internet, proxector e altavoces. O alumnado contará cos apuntamentos e material diverso para o desenvolvemento da materia que se vaia a utilizar en cada sesión.

obras literarias de interese:

- Victoria, E., El evangelio.
- Unamuno, M., San Manuel Bueno Mártir.
- Coupland, D., Gilfriend in a coma,
- Golding, W., El señor de las moscas,
- Bulgakov, M., El maestro y margarita.
- Dick, P. K., Tiempo desarticulado.
- Plath, S., La campana de cristal
- Lem, S., El hospital de la transfiguración
- Charlmers, A., ¿Qué es esa cosa llamada ciencia
- Onfray, M., Antimanual de filosofía
- Gaarder, J., El mundo de Sofía

Filmes de interese:

- Dark City
- Agora
- Jojo Rabbitt
- Ex Machina
- Figuras ocultas
- Don't look up
- Pride
- El eterno resplandor de una mente sin recuerdos
- Synechdoque Nueva York
- Nocturama

Series:

- La Mesías
- Black Mirror
- Dark
- Here and Now
- Rick y Morty
- Bojack Horseman

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de curso realizarase unha proba escrita na que se preguntará ao alumnado polos seus coñecementos previos de filosofía e o seu interese por distintas cuestións filosóficas. A proba estará composta dunha serie de definicións, unha pregunta na que o alumnado nomar os filósofos e filósofas que coñece, e dous textos para resumir e comentar. A ese texto vai asociada unha pregunta sobre si mesmos/as (¿Quen es?). Esta proba servirá para avaliar tanto os coñecementos previos como as habilidades do alumnado para comprender textos filosóficos, así como a súa expresión escrita.

Exemplo de avaliación inicial:

1. Define brevemente os seguintes termos:

- a) Filosofía.
- b) Razón
- c) Ciencia
- d) Personalidade
- e) Ética
- f) Realidade

2. Nomea os filósofos/as que coñezas

3. Sinala cal é a idea principal do texto e fai un resumo:

“Sofía se quitó la mochila y puso un plato con comida para Sherekan. Luego se dejó caer sobre una banqueta de la cocina con la misteriosa carta en la mano.

¿Quién eres?

En realidad no lo sabía. Era Sofía Amundsen, naturalmente, pero ¿quién era eso? Aún no lo había averiguado del todo. ¿Y si se hubiera llamado algo completamente distinto? Anne Knutsen, por ejemplo. ¿En ese caso, habría sido otra?

De pronto se acordó de que su padre había querido que se llamara Synnove. Sofía intentaba imaginarse que extendía la mano presentándose como Synnove Amundsen, pero no, no servía. Todo el tiempo era otra chica la que se presentaba. Se puso de pie de un salto y entró en el cuarto de baño con la extraña carta en la mano. Se colocó delante del espejo, y se miró fijamente a sí misma.

–Soy Sofiía Amundsen –dijo.

La chica del espejo no contestó ni con el más leve gesto. Hiciera lo que hiciera Sofiía, la otra hacía exactamente lo mismo. Sofía intentaba anticiparse al espejo con un rapidísimo movimiento, pero la otra era igual de rápida.

–¿Quién eres? –preguntó.

No obtuvo respuesta tampoco ahora, pero durante un breve instante llegó a dudar de si era ella o la del espejo la que había hecho la pregunta.

(...)

¿No resultaba extraño el no saber quien era? ¿No era también injusto no haber podido decidir su propio aspecto? Simplemente había surgido así como así. A lo mejor podría elegir a sus amigos, pero no se había elegido a sí misma. Ni siquiera había elegido ser un ser humano.

¿Qué era un ser humano?

Sofía volvió a mirar a la chica del espejo.”

Jostein Gaarder: El mundo de Sofia

Volve ler o texto e céntrate nas preguntas que se fai Sofía. Ti es capaz de responder a pregunta “Quen es?”. Trata de facelo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	0	60	40	55	40	40	40	40	45
Táboa de indicadores	100	100	40	60	45	60	60	60	60	55

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	36

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	64

Criterios de cualificación:

Na materia de 4º da ESO de Filosofía trátase de ter en conta a progresión do alumnado, así como o seu traballo na aula, que pode referirse a diferentes aspectos. Nesta materia realizaranse probas escritas que reflectirán o traballado na aula, e terán un carácter que combine o teórico e o práctico. As probas escritas que se vaian realizando ao longo do curso suporán o 50% da cualificación global. En cada trimestre se realizarán un mínimo de 2 probas escritas deste tipo, e a nota deste 50% calcularase realizando a media das probas realizadas en cada trimestre.

O traballo diario de aula, realizando diferentes tipos de actividades, é unha parte fundamental da materia de Filosofía. Estas actividades, que poden ser de distinto tipo (comentarios de textos filosóficos, literarios ou de outro tipo; exercicios de comprensión lectora; debates; traballos de investigación; comentarios orais de textos ou fragmentos de películas ou series...) supoñen o 20% da calificación. Para a avaliación destas tarefas contarase con rúbricas e coa observación directa na aula.

Outro 20% da calificación está no proxecto persoal: o alumnado, de forma individual ou grupal, escolle un tema de interese e realiza unha investigación sobre o mesmo. O profesorado da materia proporciona os recursos necesarios para o desenvolvemento do traballo, pero é o alumnado quen decide o tema, o enfoque e o produto final, que pode ser dende unha presentación a un texto, serie de fotografías, videos... Con este proxecto preténdese fomentar a autonomía do alumnado e a súa creatividade. Tamén se busca que o alumnado relacione os temas de interese para eles e elas coas cuestións filosóficas que presenta esta materia.

Finalmente, no 10% restante valorarase a participación do alumnado nas clases de forma oral, e a súa actitude e traballo durante as actividades que se desenvolven na aula de forma cotiá.

Nesta materia pódense levar a cabo actividades voluntarias como lecturas e traballos relacionados coas diferentes unidades didácticas que poden supoñer un redondeo positivo ou suba da nota.

Para avaliar as probas escritas e actividades mencionadas utilizaranse rúbricas con indicadores diferenciados, que estarán á disposición do alumnado a través da aula virtual, e serán explicadas na aula.

A nota da avaliación final calcularase como media aritmética das tres avaliacións que forman o curso.

Respecto ás notas das avaliacións, aplicaranse as seguintes normas de redondeo: en caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 75 (por exemplo, un 4,75) redondearase á cifra seguinte. En caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 5 (por exemplo, 4,5) valorarase a posibilidade de redondear á cifra superior segundo cada paso, tendo en conta a progresión, entregas de actividades, actitude e participación de cada alumno ou alumna. No caso de que a cifra das décimas sexa inferior a un 5 redondearase á cifra anterior (dun 4,4 a un 4). A avaliación supérase cando o alumnado obtén unha cualificación igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

A recuperación da materia realizarase de xeito trimestral: o alumnado que non supere un trimestre ten oportunidade de recuperalo a través de probas escritas de recuperación que terán o mesmo formato que as probas ordinarias e/ou entregando actividades pendentes ou suspensas, sexan actividades de aula ou o proxecto persoal. O departamento analizará os casos para concretar o desenvolvemento da recuperación de cada alumno ou alumna.

Cando un alumno ou alumna teña suspensas varias avaliacións, ten a oportunidade de presentarse a unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades didácticas desas avaliacións.

Os criterios para recuperar as avaliacións e para aplicar o redondeo nestas probas parten dos criterios de cualificación antes mencionados.

Avaliación extraordinaria: a cualificación desta avaliación obterase por unha única proba escrita deseñada polo departamento de acordo cos criterios das probas de acceso ao universidade, á que se aplicarán os criterios de redondeo mencionados e que se superará cando se acade unha cualificación de 5 ou superior unha vez aplicado o redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adequación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografía, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico

actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X

	UD 9	UD 10
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son unha parte do currículo que se traballa dende todas as materias dun mesmo nivel. Son elementos que non aparecen de xeito explícito nos contidos, pero aos que hai que contribuir dende todas as materias dado que so unha parte fundamental do proceso ensino-aprendizaxe. Están relacionados coas competencias clave, e aparecen reflectidos en todos os elementos do currículo.

Os elementos transversais poden traballarse tanto de forma implícita a través das actitudes e comportamentos, como de xeito explícito facendo referencias a eles en relación cos contidos. Na materia de Filosofía de 4º de ESO poden introducirse nas diferentes unidades de xeito orgánico. Algúns dos elementos, como a comprensión lectora, oral e escrita, ou as tenoloxías da información e a comunicación trabállanse de xeito constante ao longo de todas as unidades, nos traballos de diferente tipo que se irán realizando na aula. O fomento de espírito crítico é un elemento transversal que é especialmente importante na materia de Filosofía, polo que o traballo deste será constante ao longo do curso. A educación emocional, en valores e respectuosa coa diversidade, así como a promoción da igualdade entre homes e mulleres son cuestións que tamén se poden tratar con exemplos prácticos ao longo da presentación dos diferentes temas, xa que moitos deles teñen unha relación directa con estas cuestións (os movementos sociais relacionados co marxismo, as reivindicacións feministas en relación ao pensamento de Simone de Beauvoir, o cuestionamento da ausencia de mulleres filósofas ao longo da historia...)

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Creación dun fanzine colectivo	Creación dun fanzine común coas propostas artísticas de diferente tipo que realice o alumnado			X

Observacións:

No último trimestre, relacionado coa unidade didáctica dedicada á creatividade, propónse a creación dun fanzine coas propostas artísticas do alumnado, que poden ser de distinto tipo. Con isto é posible reflexionar sobre a creatividade e o proceso de creación artística, pero tamén que o alumnado se convirta en creador e o experimente de primeira man.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Empregáronse instrumentos de avaliación axeitados aos obxectivos e criterios de avaliación.

Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Metodoloxía empregada
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
Combínase o traballo individual e en equipo.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con atención á diversidade.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe relación co resto de materias do curso e se introducen contidos transversais

Descrición:

Cada un dos indicadores avaliarase periodicamente ao longo do curso en función dos resultados acadados polo alumnado e a reflexión sobre a práctica docente usando unha puntuación do 1 ao 4, 4 significado consecución completa 3 consecución aceptable 2 consecución parcial e 1 non conseguido.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Indicadores para avaliar nas reunións de departamento coa finalidade de modificar a programación para adaptala as circunstancias dos diferentes grupos e curso académico. Avaliarase de 1 a 4 1 significando nada de acordo 2 pouco de acordo 3 bastante de acordo 4 completamente de acordo. Os items que non acaden o 3 serán os susceptibles de modificación.

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas e desenvolvemento que responda á secuenciación.
3. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.

4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc, para a recuperación e para a avaliación final e extraordinaria.
8. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
9. Contribución desde a materia aos plans de centro.
10. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados